

O proxecto obedece a unha serie de apoios por parte das diferentes Administracións do cal queremos deixar constancia. O apoio foi prestado polo GRUPO DE ACCION LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO SEO COSTA DA MORTE, CONSELLERIA DE PESCA e APOIO FINANCEIRO DA UNION EUROPEA a través dos FONDOS EUROPEO MARITIMO E DE PESCA.

Temos que destacar que todo o proxecto tramitouse baixo a tutela do GRUPO DE ACCIÓN LOCAL COSTA DA MORTE o amparo das axudas económicas que para ditos fins pon a disposición á UNION EUROPEA.

A prioridade dentro da estratexia do FEMP no que se enmarca o noso proxecto foi a seguinte:

PRIORIDADE DO FEMP	MARQUE CUN "X"	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (OE) DA PRIORIDADE DO FEMP E PROGRAMA OPERATIVO
<b>PRIORIDADE 4:</b> Incrementar o emprego e a cohesión territorial	<b>X</b>	Fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e a acuicultura. Diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima.
<b>OUTRA PRIORIDADE</b>		<b>OBXECTIVO ESPECÍFICO OUTRAS PRIORIDADES</b>
Identifique a prioridade (ver anexo II)	<input type="checkbox"/>	Identifique o obxectivo (ver anexo II)

INDICADORES DE RESULTADO			
INDICADORES POR OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MARQUE CUN "X"	VALOR PREVISTO	UNIDADE DE MEDIDA
<b>PRIORIDADE 4</b>			
4a) e b) Fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e a acuicultura. Diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima			

INDICADORES DE RESULTADO			
INDICADORES POR OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MARQUE CUN "X"	VALOR PREVISTO	UNIDADE DE MEDIDA
Emprego creado	X	4+1autonomo	Emprego a tempo completo anual
Emprego mantido	<input type="checkbox"/>		Emprego a tempo completo
N.º de negocios creados	X	1	Número
N.º de proxectos de diversificación das actividades económicas na zona	X	5	Número
N.º de proxectos promovidos por mulleres/xente nova	X	5	Número
N.º de mulleres que participaron en actividades de formación	<input type="checkbox"/>		Número

INDICADORES DE RESULTADO			
INDICADORES POR OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MARQUE CUN "X"	VALOR PREVISTO	UNIDADE DE MEDIDA
<b>PRIORIDADE</b>			
<b>OBXECTIVO ESPECÍFICO:</b>			
	<input type="checkbox"/>		
	<input type="checkbox"/>		
	<input type="checkbox"/>		

OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO (describa o obxectivo xeral do proxecto e a súa relación co obxectivo específico do FEMP seleccionado)	RESULTADOS (identifique e xustifique os resultados previstos coa implementación do proxecto)
<p>O obxectivo xeral relaciónase directamente co obxectivo estratéxico de competitividade sostible das actividades relacionadas co Mar, a través do reforzamento dos elementos medioambientais e patrimoniais (tradicional, cultural material e inmaterial), compatibilizando o seu aproveitamento para a diversificación en novas actividades produtivas.</p> <p>Queremos poñer en valor a cultura mariñeira e do mar en Camariñas dende unha óptica integradora con outros axentes económicos e sociais do territorio, en especial coa Lonxa de Camariñas.</p>	<p>1/ Xeración de fluxo turístico na zona e, por tanto, de actividade económica enfocada a visitantes e turistas. Pero tamén xeración de actividades divulgativas, gastronómicas e de lecer atractivas para a poboación local e de localidades próximas.</p> <p>2/ Promoción e posta en valor da cultura e identidade mariñeira da zona.</p> <p>3/ Divulgación do patrimonio asociado ao mar en Camariñas, tanto material como inmaterial. Neste caso, afondarase na vida nas lonxas e o produto que</p>

<p>Para iso abordaremos o mar dende tres eixos de actividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● produto do mar,</li> <li>● patrimonio medio ambiental mariño,</li> <li>● e patrimonio marítimo material e inmaterial, especialmente todo o relacionado coa tradición mariñeira asociada ás lonxas, sendo a de Camariñas unha das máis importantes a nivel de Galicia.</li> </ul>	<p>se vende nelas, a modo de mostra social, cultural e etnográfica.</p> <p>4/ Sensibilización sobre o coidado do medio natural da zona costeira, a través da posta en valor do patrimonio natural e medio ambiental de Camariñas (mediante accións de turismo activo responsable e respectuoso medio ambientalmente)</p>
<p><b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO</b> (describa un máximo de tres obxectivos específicos)</p>	<p><b>CONTRIBUCIÓN DOS RESULTADOS</b> (como contribúen os resultados a conseguir os indicadores de resultado previstos?)</p>
<p><b>1/</b> Dotar a zona dunha oferta experiencial e de calidade relacionada co mar e a cultura do mar en Camariñas, a través dun espazo único e singular, e cun triple enfoque: produto do mar; patrimonio medio ambiental mariño; e patrimonio marítimo material e inmaterial.</p> <p><b>2/</b> Crecemento económico e do emprego na zona a través de mellora da competitividade do destino.</p> <p><b>3/</b> Crear un modelo de negocio diferenciado na zona, proclive ao establecemento de sinerxías e á creación de paquetes turísticos con outros negocios (especialmente actividades de turismo mariñeiro e turismo activo relacionado co mar e a súa contorna).</p>	<p>Permite crear emprego asociado ao negocio, incluíndo a presenza de mulleres, sendo muller unha das persoas promotoras.</p> <p>Permite crear unha variada diversificación de actividades: aloxamento, espazo gastronómico, centro de interpretación, actividades de turismo activo e córner de tenda.</p> <p>Permite xerar compatibilidades e sinerxías con negocios e iniciativas privadas e públicas, tal e como desenvolveremos nesta memoria (ex: apartado 1.8 ) incluíndo produto derivado da pesca costeira e marisqueo artesanal, o cal se porá en valor e particularmente a través do noso espazo gastronómico.</p> <p>Permite tamén crear experiencias integrables en proxectos abandeirados por entidades privadas e/ou públicas (ex. ruta dos naufraxios)</p>
<p><b>INDIQUE O GRAO DE CONTRIBUCIÓN AO OBXECTIVO ESPECÍFICO DA PRIORIDADE DO FEMP SELECCIONADA</b> (marque cun "X")</p>	<p><b>DESCRIBA A CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO FEMP SELECCIONADO</b></p>
<p><input checked="" type="checkbox"/> <b>Alta</b></p> <p><input type="checkbox"/> Media</p> <p><input type="checkbox"/> Baixa</p>	<p>Queremos xerar unha actividade turística que contribúa a poñer en valor os recursos naturais e da cultura mariñeira de Camariñas, así como a posta en valor dun tipo de turismo experiencial e inmersivo.</p> <p>Este proxecto persegue o desenvolvemento económico local na área de Camariñas mediante a</p>

	diversificación de actividades, o emprendemento e a mellora das oportunidades de traballo.
--	--

<p>En que obxectivo estratéxico se enmarca?</p>	<p><b>Obxectivo principal 1- OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2:</b> Competitividade sostible das actividades relacionadas co Mar, a través do reforzamento dos elementos medioambientais e patrimoniais (tradicional, cultural material e inmaterial), compatibilizando o seu aproveitamento para a diversificación en novas actividades produtivas.</p> <p><b>Obxectivo principal 2 – OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1:</b> Fomento e diversificación produtiva da Pesca Artesanal, procurando o mantemento da actividade vinculada co mar, e a extracción de insumos das actividades marítimas (moi especialmente da Pesca Artesanal) para outras actividades produtivas.</p>
<p>En que obxectivo específico se enmarca?</p>	<p><b>Obxectivo específico 2.2:</b> Compatibilización do aproveitamento dos elementos medioambientais e patrimoniais para a diversificación.</p> <p><b>Obxectivo específico 1.1:</b> Mantemento da actividade vinculada co mar.</p>
<p>En que liña de actuación se enmarca?</p>	<p><b>Liña de actuación 2.2.2:</b> Mellora da competitividade económica e diversificación dos “Espazos temáticos do Mar” e das zonas costeiras.</p> <p><b>Liña de actuación 1.1.1:</b> Mellora dos proxectos e procesos de comercialización dos produtos da pesca artesanal.</p>
<p>En que medida se enmarca?</p>	<p><b>Medida 2.2.2.1:</b> Creación e paquetización de produtos turísticos e actividades relacionadas co mar.</p> <p><b>Medida 2.2.2.2:</b> Mellora da capacidade (cualitativa e cuantitativa) dos establecementos hostaleiros.</p> <p><b>Medida 2.2.2.3:</b> Apoio e fomento da creación e mellora de Espazos Temáticos do Mar.</p>

	<p><b>Medida 2.2.2.4:</b> Campañas de promoción de produtos da Pesca Costeira Artesanal.</p> <p><b>Medida 2.2.2.5:</b> Accións orientadas á visibilización da Cultura Mariñeira.</p> <p><b>Medida 1.1.1.1:</b> Mellora das canles curtas de comercialización na mesma comarca e/ou venda nas lonxas.</p> <p><b>Medida 1.1.1.3:</b> Campañas promocionais dos produtos da Pesca Artesanal e dos seus derivados ou transformados.</p>
<p>Cal é o grao de contribución do proxecto á EDLP?</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> <b>Alta</b></p> <p><input type="checkbox"/> Media</p> <p><input type="checkbox"/> Baixa</p>
<p>Describa a contribución do proxecto á EDLP</p>	<p>Todas as contribucións aquí indicadas serán desenvolvidas ao longo desta memoria.</p> <p><u>Medida 2.2.2.1: Creación e paquetización de produtos turísticos e actividades relacionadas co mar.</u></p> <p>A través do noso proxecto deseñaremos e crearemos paquetes turísticos que engloben diversos actores económicos. DEVALAR DO MAR aporta aloxamento e un centro de interpretación relacionado coas lonxas; desenvolveremos actividades gastronómicas en colaboración con profesionais contratados por nós ou alleos; de igual modo levaremos a cabo actividades de turismo activo propias ou nos sinerxiaremos con actividades alleas. A vinculación co mar será a base común de todas estas actividades que se paquetizarán para mellorar a súa pegada comercial e así ofrecer experiencias singulares aos clientes.</p> <p><u>Medida 2.2.2.2: Mellora da capacidade (cualitativa e cuantitativa) dos establecementos hostaleiros.</u></p>

Crearemos un establecemento de calidade cun enfoque orientado ao mar e o aproveitamento dos recursos endóxenos de Camariñas.

Medida 2.2.2.3: Apoio e fomento da creación e mellora de Espazos Temáticos do Mar.

Unha das nosas unidades de negocio será un centro de interpretación das lonxas, enfocada especialmente na de Camariñas. Por tanto estaremos creando un novo espazo temático do mar, vinculado coa cultura e tradicións mariñeiras.

A isto sumamos o espazo gastronómico, enfocado ao produto do mar, e intimamente relacionado coas lonxas.

Estas actividades non só queren ser foco de captación de turistas, senón tamén supoñer un aliciente para a poboación local e das proximidades.

Medida 2.2.2.4: Campañas de promoción de produtos da Pesca Costeira Artesanal.

O noso espazo gastronómico nace para promocionar os produtos do marisqueo e pesca costeira artesanal. A través de distintas iniciativas, como xornadas gastronómicas, showcookings ou catas e degustacións, poremos en valor ese produto, e o relacionaremos coa cultura de lonxa.

Describe a contribución do proxecto á EDLP

Medida 2.2.2.5: Accións orientadas á visibilización da Cultura Mariñeira.

Como dicíamos antes, unha das nosas unidades de negocio será un centro de interpretación das lonxas, enfocada especialmente na de Camariñas. Será, por tanto, un espazo

permanente de carácter expositivo e divulgativo sobre a cultura mariñeira, en concreto a centrada nas lonxas.

Neste marco desenvolveranse encontros, charlas e actividades puntuais relacionadas con esta temática, ben a iniciativa propia, ben a iniciativa doutras entidades privadas e públicas coas que se chegue a acordos.

A isto sumamos o espazo gastronómico, enfocado ao produto do mar, e intimamente relacionado coa cultura mariñeira das lonxas. Neste sentido organizaranse visitas á lonxa de Camariñas como parte integrante de paquetes de experiencias gastronómicas, de forma que se xere unha experiencia inmersiva na cultura das lonxas e do produto da pesca artesanal.

Medida 1.1.1.1: Mellora das canles curtas de comercialización na mesma comarca e/ou venda nas lonxas.

A través do espazo gastronómico brindaremos un espazo diferente de comercialización do produto do marisqueo e a pesca costeira artesanal. Dita comercialización farase a través do seu consumo por parte do cliente, unha vez elaborado e procesado, no marco de xornadas gastronómicas, showcookings, catas e/ou degustacións. Contamos con envasadora e diversa maquinaria para a transformación e comercialización do produto propio. O noso enfoque como centro de interpretación das lonxas aporta coherencia a esta idea.

Medida 1.1.1.3: Campañas promocionais dos produtos da Pesca Artesanal e dos seus derivados ou transformados.

Novamente indicar que o noso espazo gastronómico dará cabida á promoción e posta en valor dos produtos da pesca artesanal e os seus derivados e transformados.

Tamén a través do noso córner de tenda procederase á venda de produto (en formato conserva) derivado da pesca artesanal. Para conseguilo buscaranse provedores que cumpran con estes criterios de produto.